



Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se ofertan en comisión de servizos postos vacantes de nova creación entre persoal funcionario dos corpos de Xestión procesual e administrativa, Tramitación procesual e administrativa e Auxilio Xudicial.

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (LOPX), regula no seu artigo 527.1 a provisión temporal de postos vacantes mediante a comisión de servizos entremetres non resulte posible a súa provisión definitiva mediante concurso de traslados.

Aprobada a creación de determinadas prazas en distintos órganos da Comunidade Autónoma de Galicia, procede anunciar a súa provisión temporal co obxecto de que o persoal funcionario interesado poida solicitar as oportunas comisións de servizos.

Daquela, en aplicación das competencias que lle corresponden a este órgano consonte o artigo 20.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2397/1996, sobre transferencia a esta comunidade de medios persoais para o servizo da Administración de xustiza, co artigo 525 da LOPX e mais co Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, modificado polo decreto 138/2019 do 24 de outubro.

DISPOÑO:

Primeiro. Obxecto

O procedemento e a convocatoria teñen por obxecto posibilitar a provisión de forma temporal, mediante comisión de servizos, dos postos de traballo reservados ao persoal funcionario integrante dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial que se indican no anexo I.

Segundo. Solicitantes

Poderán solicitar as comisións de servizos, con exención de funcións nos seus postos actuais, os funcionarios de carreira dos corpos ao servizo da Administración de xustiza que se atopen en situación de servizo activo no mesmo corpo do posto que se convoca, e que no prazo de presentación de solicitudes leven prestando como mínimo seis (6) meses de servizos no posto dende o que participa, xa sexa provisional ou definitivo.

Terceiro. Criterios de adxudicación





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza

Rúa Madrid, 2-4, 2º
Polígono das Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

A adxudicación das comisións de servizos farase segundo a orde de preferencia fixada por cada solicitante na súa instancia e con base na maior puntuación obtida tras se aplicaren os mesmos criterios ca nun concurso de traslados: antigüidade e nivel de coñecemento da lingua galega. En caso de empate, acudirase ao escalafón.

Aqueles solicitantes que durante o procedemento de resolución das comisións de servizos convocadas pola presente resolución obteñan destino definitivo mediante calquera outro proceso de provisión entenderase que desisten da solicitude presentada ao abeiro desta convocatoria.

Cuarto. *Solicitudes*

Os interesados deberán presentar unha instancia axustada ao modelo que se axunta como anexo II a esta resolución. Na solicitude deberanse enumerar, por orde de preferencia, as unidades e localidades que se solicitan. Canda a solicitude haberá que presentar una copia cotexada da certificación ou diploma que acredite o coñecemento da lingua galega.

Quinto. *Informe*

Para cumprir co previsto no artigo 73 do Real decreto 1451/2005, as solicitudes irán acompañadas co informe, preceptivo e non vinculante, da persoa responsable do órgano, servizo ou unidade en que se atope destinado o persoal funcionario solicitante. No caso de que o órgano correspondente non emita informe, entenderase que este é favorable, sempre que o interesado acredite que o solicitou.

Ademais, para o caso de que o destino da persoa solicitante radique fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, esta deberá presentar, xunto coa solicitude, o informe favorable do Ministerio de Xustiza ou órgano competente da comunidade autónoma respectiva. De non ser posible, deberá presentar acreditación de que efectivamente o solicitou.

Sexto. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días hábiles dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na intranet de Xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (<http://cpapx.xunta.gal>).

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Xustiza (rúa Madrid, 2-4, planta 2ª, polígono das Fontiñas, 15781, Santiago de Compostela) e presentaranse nos rexistros administrativos da Xunta de Galicia ou de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As que se presenten nas oficinas de Correos enviaranse por correo certificado, para cuxo efecto se





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza

Rúa Madrid, 2-4, 2º
Polígono das Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

presentarán nas citadas oficinas en sobre aberto co obxecto de seren datadas e seladas polo funcionario de Correos antes de seren remitidas. Os solicitantes deberán enviar a solicitude que teña o selo da oficina de Correos, sen que se poidan admitir as instancias que non cumpran este requisito unha vez pasado o prazo de presentación.

Ademais, as solicitudes deberán adiantarse, no citado prazo de dez (10) días hábiles, por correo electrónico (servicio.persoal.xustiza@xunta.gal) para axilizar a súa tramitación.

Sétimo. *Características das comisións de servizos*

A provisión temporal das prazas ofertadas concederáse co carácter de comisión de servizos voluntaria.

A duración da comisión de servizos abranguerá ata a adxudicación das prazas mediante concurso de traslados, sendo o período mínimo de permanencia na comisión de servizos de seis (6) meses, sen que en ningún caso se poida exceder o período máximo previsto na normativa aplicable. En caso de renuncia á comisión de servizos antes de que transcorran seis (6) meses, o funcionario non poderá acceder a unha nova comisión de servizos durante un prazo dun ano contado dende a data de inicio da referida comisión.

Todos os funcionarios seleccionados se deberán presentar no órgano xudicial asignado o día indicado na resolución en que se publique a lista definitiva de adxudicacións. No caso de que algún dos seleccionados non se presente ao posto adxudicado, terase por renunciado e cubrirase o posto co seguinte funcionario da relación definitiva de puntuación.

As vacacións e permisos para gozar dende o día de inicio da comisión de servizos deberanse solicitar novamente dende o órgano xudicial asignado en comisión de servizos.

Os funcionarios que se atopen en comisión de servizos conservarán o seu posto de orixe e terán dereito ás retribucións complementarias do posto que desempeñen.

Oitavo. *Resolución*

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e tras a súa baremación, a persoa titular da Dirección Xeral de Xustiza ditará resolución de adxudicación, que se publicará de xeito simultáneo na intranet de Xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na Web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (<http://cpapx.xunta.gal>).

Noveno. *Recursos*

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza

Rúa Madrid, 2-4, 2º
Polígono das Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de Xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (<http://cpapx.xunta.gal>).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez



**ANEXO I****Postos de nova creación vacantes**

Corpo de xestión procesual e administrativa

Código	Unidade	Localidade	Provincia	Nº prazas
1	Xdo. Instancia 6	Santiago de Compostela	A Coruña	1
2	Xdo. Instancia 2	Lugo	Lugo	1
3	Xdo. Instancia 6	Ourense	Ourense	1
4	Xdo. Instancia 5	Pontevedra	Pontevedra	1
5	Xdo. Instancia 14	Vigo	Pontevedra	1

Corpo de tramitación procesual e administrativa

Código	Unidade	Localidade	Provincia	Nº prazas
6	Xdo. do Social 3	Santiago	A Coruña	1
7	Oficina Decanato	Lugo	Lugo	1
8	Oficina Decanato	Ourense	Ourense	1
9	Xdo. 1ª Inst. e Instr. 1	Arzúa	A Coruña	1
10	Xdo. 1ª Inst. e Instr. 1	Corcubión	A Coruña	1
11	Xdo. 1ª Inst. e Instr. 1	Carballo	A Coruña	1
12	Xdo. 1ª Inst. e Instr. 3	Ribeira	A Coruña	1
13	Xdo. 1ª Inst. e Instr. 1	Sarria	Lugo	1
14	Xdo. 1ª Inst. e Instr. 1	Monforte de Lemos	Lugo	1
15	Xdo. 1ª Inst. e Instr. 2	Viveiro	Lugo	1
16	Xdo. 1ª Inst. e Instr. 1	Ponteareas	Pontevedra	1
17	Xdo. 1ª Inst. e Instr. 3	Ponteareas	Pontevedra	1

Corpo de auxilio xudicial

Código	Unidade	Localidade	Provincia	Nº prazas
18	Serv. Común Apoio Decanato	Pontevedra	Pontevedra	1
19	Serv. Común Apoio Decanato	Vigo	Pontevedra	1
20	Serv. Común Apoio Decanato	A Coruña	A Coruña	1
21	Serv. Común Apoio Decanato	Santiago de Compostela	A Coruña	1





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza

Rúa Madrid, 2-4, 2º
Polígono das Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



ANEXO II

PROCEDEMENTO	TIPO DE DOCUMENTO
<i>Provisión de postos por comisión de servizos convocados por Resolución da Dirección Xeral de Xustiza de data 7 de novembro de 2019</i>	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DATA DE NACEMENTO	ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
POSTO ACTUAL			
DENOMINACIÓN:	UNIDADE:	LOCALIDADE/PROVINCIA:	

MÉRITOS

Núm. de escalafón:	Antigüidade no respectivo corpo:	Coñecemento de lingua galega: Certificado Celga ou equivalente <input type="checkbox"/> Curso medio de linguaxe xurídica <input type="checkbox"/> Curso superior de linguaxe xurídica <input type="checkbox"/>
Data de posesión no corpo actual:		





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza

Rúa Madrid, 2-4, 2º
Polígono das Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



POSTOS SOLICITADOS SEGUNDO ORDE DE PREFERENCIA

ORDE DE PREFERENCIA	CÓDIGO DO POSTO	UNIDADE	LOCALIDADE/PROVINCIA
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			

_____, ____ de _____ de 2019

Sinatura:

Visto e prace do superior funcional

Dirección Xeral de Xustiza
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Rúa Madrid, 2-4, planta 2ª, polígono das Fontiñas
15781 Santiago de Compostela

